



**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

Por Resolución de alcaldía 649/2019 de 9 de agosto de 2019 foron aprobadas as bases que rexerán a convocatoria para a contratación laboral temporal un/ha xefe/a de brigada, e realizar unha lista de reserva para peón-conductor e peón neste ano 2019.

Rematado o prazo de presentación de instancias e á vista das presentadas polos aspirantes, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-**Aprobar, de acordo coa base quinta, a seguinte lista provisional de admitidos:

### **XEFE DE BRIGADA:**

Iván Losada Dorado

### **PEÓN CONDUCTOR E PEÓN:**

Pablo Corgo Calvo

Non hai ningún excluído.

**SEGUNDO.-** Expoñer esta resolución no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

**TERCEIRO.-** Convocar as persoas admitidas no proceso selectivo e ó tribunal cualificador para o **xoves día 22 de agosto de 2019 ás 11:45 horas na CLINICA MÉDICA LARACHA sita na rúa Avda. De Fisterra, nº 32, 1ª** para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, que consistirá na realización da proba de aptitude física prevista na base sétima das bases que rexen o presente expediente de selección de persoal. Dita proba física será realizada na citada clínica baixo a supervisión do médico Benito Castro, quen emitirá un informe coa capacidade aeróbica dos aspirantes.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte no momento de realizar o chamamento.

**CUARTO.-** O tribunal cualificador designado pola alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local), en base ó establecido pola Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: José Manuel Sánchez Fernández, Administrativo do Concello da Laracha.
- Secretaria: Lucía Barreiro Angeriz, Auxiliar Administrativo Concello da Laracha.
- Vocais: Luis Cotelo Pombo, Policía Local do Concello da Laracha.

Miguel Barbeito Rivas, Técnico de Deportes do Concello da Laracha.

Montserrat Rodríguez Patiño, administrativa do Concello da Laracha.

**QUINTO.-** Contra esta resolución na que se declara a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, ou directamente recurso de contencioso-administrativo ante a xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses. Os prazos cóntanse a partir do día seguinte ó da publicación no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario acctal, José Manuel Sánchez Fernández, dou fe.

